



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego

Materia	Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01502			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Garrido Rodríguez, Carlos			
Profesorado	Garrido Rodríguez, Carlos			
Correo-e	cgarrido@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Teoría e práctica da tradución inglés-galego (tradución directa).			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C10	Capacidade de traballo en equipo
C14	Dominio de ferramentas informáticas
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C21	Rigor e seriedade no traballo
C22	Destrezas de tradución
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C27	Capacidade de razoamento crítico
C32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
C33	Dominio oral e escrito da lingua propia
D4	Resolución de problemas
D5	Coñecementos de informática aplicada
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico

D9	Razoamento crítico
D10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
D12	Traballo en equipo
D14	Motivación pola calidade
D18	Creatividade

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Aprofundar o coñecemento das dúas linguas de traballo, inglés (Idioma I) e galego (Lingua I), sobre todo nos niveis lexical, morfosintáctico e textual. Especificamente no caso da lingua de chegada da tradución, o galego, desenvolver estratexias para a súa restauración estrutural e potenciación expresiva no cadro da tradución (o que demanda o desenvolvemento de destrezas de exploración e aproveitamento de documentos redixidos en luso-brasileiro: v. Principio 4.º das NOMIG da RAG-ILG [2003: 12]; Freixeiro Mato, 2009: 139-140; Garrido, 2011).	A1 A3 A4 A5	C1 C3 C4 C18 C27 C33	D9
Analizar textos do punto de vista do tradutor profesional, determinándose, así, á vista do correspondente escopo da tradución, o tipo e as estratexias de tradución máis adecuados.	A1 A2 A3 A4 A5	C17 C27 C32	D7 D9
Serse capaz de recoñecer nun texto-fonte redixido en inglés, e en relación á lingua e á comunidade sociocultural de chegada (galegas), as estruturas lexicais e morfosintácticas e os trazos textuais e culturais que, no cadro da correspondente tradución (instrumental ou documental), se revelarán críticos ou problemáticos.	A1 A2 A3 A4 A5	C1 C2 C3 C4 C17 C18 C25 C27	D10
Serse capaz, autónoma e eficazmente, de detectar e analizar problemas tradutivos e de aplicar as pertinentes estratexias tradutivas no cadro da tradución instrumental para galego de textos pragmáticos, non especializados, compostos en inglés e pertencentes a diversos xéneros e campos.	A1 A2 A3 A4 A5	C3 C4 C10 C17 C18 C22 C27	D7 D9 D12 D14
Serse capaz de utilizar con proveito as diversas fontes de información e ferramentas de traballo de que hoxe dispón o tradutor profesional, tanto as tradicionais como as encadradas nas TIC.	A1 A2 A3 A4 A5	C8 C14 C22	D4 D5 D6 D9
Fomentar a curiosidade intelectual e o espírito crítico en relación ao uso das linguas, ben como desenvolver un concepto profesional da actividade tradutiva, conforme o cal o tradutor axe como mediador cultural orientado por principios deontolóxicos e de calidade.	A1 A2 A3 A4 A5	C4 C10 C21 C32	D8 D9 D12 D14 D18

### Contidos

Tema	
Caraterización da tradución no seu encadramento sociocultural e profesional	Participantes e factores envolvidos no proceso da tradución profesional. Análise textual do tradutor. Tipoloxía da tradución: a tradución instrumental. Modificacións substanciais na tradución comunicativa e tratamento tradutivo das discordancias interculturais.
Restauración estrutural e potenciación expresiva do galego en canto lingua-albo da tradución	Degradación e rexeneración do léxico galego: habilitación en galego do léxico moderno, culto e de especialidade. Estructuras morfosintácticas críticas na tradución inglés-galego (colocación do pronome átono, infinitivo flexionado, futuro do conxuntivo, voz pasiva, nexos de relativo, oracións condicionais, perfectividade, formación dos complementos directo e indirecto).
Análise dos problemas e das estratexias da tradución instrumental de textos pragmáticos de inglés para galego	Utilización dos dicionarios por parte do tradutor. Tratamento tradutivo dos nomes propios. Introducción á tradución de textos adscritíbeis aos (sub)xéneros «artigo de enciclopedia xeral», «anuncio publicitario», «artigo xornalístico noticioso», «editorial xornalístico», «artigo de divulgación científica» e «libro de divulgación científica».

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
--	---------------	--------------------	--------------

Actividades introductorias	2	0	2
Lección maxistral	10	20	30
Resolución de problemas	8	0	8
Estudo de casos	32	64	96
Traballo tutelado	2	12	14

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Tomada de contacto co alumnado e presentación da disciplina.
Lección maxistral	Presentación dos temas teóricos do programa.
Resolución de problemas	Análise e resolución colectiva de exercicios que visan desenvolver no alumnado competencia expresiva e destrezas metodolóxicas.
Estudo de casos	Presentación e análise de casos ou situacións máis habituais na práctica profesional mediante a realización de encomendas de tradución individuais.
Traballo tutelado	Realización e exposición pública por parte de equipas integradas por c. 6 alumnos dun traballo consistente na tradución comentada dun texto pragmático.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Traballo tutelado	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Estudo de casos	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).
Resolución de problemas	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horario de atendimento na FFT, ou a través do correo-e). A finalidade deste atendimento personalizado é asesorar os alumnos sobre a realización das actividades do curso (exercicios, encomendas de tradución, traballo en equipa).

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Proba teórico-práctica inicial sobre os contidos ministrados nas sesións maxistras e manexados nos exercicios.	20	A1 A5 C1 C3 C4 C33 D9
Resolución de problemas	Proba teórico-práctica inicial sobre os contidos ministrados nas sesións maxistras e manexados nos exercicios.	15	A2 C1 C3 C4 C18 C22 C33 D4 D9
Estudo de casos	Realización de modo autónomo e individual dunha encomenda de tradución, a cal visa reproducir as condicións da práctica profesional.	35	A1 C1 C2 C3 C4 C8 C14 C17 C18 C22 C27 D5 D7 D8 D9 D14 D18

Traballo tutelado	30	A2	C1	D4
Elaboración en equipa e exposición pública dun traballo consistente na tradución comentada dun texto pragmático.		A3	C2	D5
			C3	D7
			C4	D9
			C8	D12
			C10	D14
			C14	D18
			C17	
			C18	
			C22	
			C27	
			C33	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A presente disciplina pode cursarse, na primeira convocatoria anual, en rexime de *avaliación continua* (en que se valorizará fundamentalmente a adquisición de competencia tradutiva e a participación regular e activa nas aulas) ou de *avaliación única* (exame oficial). No entanto, na convocatoria de xullo só é posíbel o rexime de avaliación única (exame oficial).

Na primeira convocatoria anual, enténdese que un alumno opta polo rexime de avaliación continua (o máis recomendábel nesta disciplina!) cando realiza algunha das actividades da avaliación continua (proba teórico-práctica, encomenda de tradución individual, traballo en equipa). Para superar a avaliación continua, o alumno deberá obter o aprobado na media aritmética ponderada das clasificacións na proba teórico-práctica (35 % da clasificación global), na encomenda de tradución individual (35 %) e no traballo en equipa (30 %); non obstante, no caso de a media aritmética das clasificacións na proba teórico-práctica inicial e na encomenda de tradución individual ser inferior a 4,6 puntos, a clasificación global coincidirá con esa media de dúas clasificacións. Os alumnos que non superaren a avaliación continua mediante as actividades referidas deberán realizar a parte ou partes pertinentes do exame oficial da convocatoria de xullo (\*), con conservación, dentro do mesmo ano lectivo, da clasificación da parte eventualmente aprobada na avaliación continua, ou acollérense aos reximes de avaliación de posteriores convocatorias. (A proba teórico-práctica inicial será realizada durante a terceira semana lectiva de novembro, a encomenda de tradución individual será lanzada na primeira semana de decembro e o traballo en equipa será exposto e entregado na terceira semana de xaneiro).

O exame oficial da disciplina (convocatorias de decembro [data, hora e lugar establecidos polo Decanato] e xullo [data, hora e lugar establecidos polo Decanato]) consta dunha parte teórica a redixir en galego (50 % da clasificación) e de outra práctica (50 %), a cal consiste na tradución para galego, a realizar no prazo de varios días no cadro dunha encomenda de tradución, dun texto pragmático redixido en inglés.

(\*) A proba teórico-práctica e o traballo en equipa da avaliación continua corresponden á parte teórica do exame oficial de xullo; a encomenda de tradución individual, á parte práctica do exame.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

AA.VV., **Dicionário de Inglês-Português**, 5.ª ed., Porto Editora / www.infopedia.pt, 2009

GARRIDO, Carlos, **A Tradução do Ensino e Divulgação da Ciência**, 1.ª ed., Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2016

FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón, **Lingua de Calidade. Vinte Reflexións e Unha Proposta Esperanzada para un Galego con Futuro**, LECTURA OBRIGATORIA, Edicións Xerais de Galicia, 2009

GARRIDO, Carlos, «**Estratexia para a habilitación en galego do léxico especializado e culto**», LECTURA OBRIGATORIA, Através Editora, 2006

GARRIDO, Carlos, «**Valorización do criterio da coherencia sistémica para patentear a superior adecuación da codificación reintegracionista no ámbito da estagnación e suplencia castelhanizante do léxico galego**», LECTURA OBRIGATORIA, Asociación de Estudos Galegos, 2016

#### Bibliografía Complementaria

AA.VV., **Dicionário Visual Verbo. Português, Francês, Inglês**, 1.ª ed., Editorial Verbo, 1995

GÓMEZ GUINOVART, Xavier, Alberte ÁLVAREZ LUGRÍS e Eva DÍAZ RODRÍGUEZ, **Dicionario Moderno Inglés-Galego**, 1.ª ed., 2.0 Editora, 2012

AA.VV., **Webster's Third New International Dictionary**, 1.ª ed., Merriam-Webster, 1986

STEVENSON, Angus (dir.), **Shorter Oxford English Dictionary**, 6.ª ed., Oxford University Press, 2007

AA.VV., **Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea**, 1.ª ed., Porto Editora / www.infopedia.pt, 2015

Comissom Lingüística da Associação Galega da Língua, **O Modelo Lexical Galego. Fundamentos da Codificação Lexical do Galego-Português da Galiza**, 1.ª ed., Através Editora, 2012

ESTRAVIZ, Isaac Alonso, **Dicionário da Língua Galega**, 1.ª ed., Sotelo Blanco / www.pgl.gal, 1995-

GARRIDO, Carlos, **Léxico Galego. Degradação e Regeneração**, 1.ª ed., Edições da Galiza, 2011

HOUAISS, Antônio, Mauro DE SALLES VILLAR e Francisco Manoel DE MELLO FRANCO (dir.), **Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa**, 1.ª ed., Editorial Objetiva, 2002

Real Academia Galega, **Dicionario da Real Academia Galega**, 3.ª ed., www.academia.gal, 2013-

COSTA CASAS, X. X., M. A. GONZÁLEZ REFOXO, C. C. MORÁN FRAGA e X. C. RÁBADE, **Nova Gramática para a Aprendizaxe da Língua**, 1.ª ed., Vía Láctea, 1988

FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón, **Gramática da Língua Galega. 4 volumes**, 1.ª ed., Edicións A Nosa Terra, 2000-2003

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego/V01G230V01605

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309

#### **Outros comentarios**

Recoméndase frecuentar todas as cadeiras da combinación lingüística inglés-galego.